



Sra. Conselleira
Consellería de Medio Rural e do Mar
Xunta de Galicia

ASUNTO: Decreto 142/2012, de 14-06-2012 (DOG nº 129, de 06-07-2012), polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoonosanitaria dos animais equinos en Galicia.

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN, na súa cualidade de Presidente da Asociación,

EXPÓN:

1. Que, previamente á súa publicación, SGHN xa presentara varias propostas e alegacións con datas 21-05-2010 e 12-11-2011 ó obxecto de facelo máis integrador e para que fora un avance sobre a actual situación. Tal como indicabamos no noso segundo considerando nas alegacións de data 12-11-2011, no borrador deste Decreto non se atendía a peculiaridade do garranos (cabalos de monte ou póneis galegos) nen a outra gran carencia deste Decreto: a total falla de consideración do importante papel ecolóxico que xogan os garranos nos montes galegos.
2. Que o Decreto 142/2012 aborda diversos requisitos de identificación e control sanitario, que aplicados a explotacións gandeiras *ad hoc* e comercio cabalar son razoables e necesarias, mais o problema está en extender estes requisitos a unha especie salvaxe baixo o amparo dun especial aproveitamento secular que o quere assimilar a unha explotación gandeira. Pero no referente ás poboacións salvaxes de cabalos constitúe unha agresión por acción das máis graves a nivel medioambiental galego dos últimos anos. Normalmente a administración en Galicia ten un comportamento de omisión do seu deber respecto ó medio ambiente, pero neste caso lexisla para actuar en contra dunha especie salvaxe e clave no ecosistema galego: o cabalo.
3. Que no limiar do Decreto sinálase: *“En primeiro termo, só unha pequena parte destes cabalos de monte carecen de propietario. O feito da propiedade efectiva sobre os animais elimina de facto a súa condición de fauna silvestre, entendida esta como un ben natural de dominio público. Esta realidade non é contraditoria coa vida en liberdade dos animais en hábitats de extensión limitada, en xeral baixo o control de asociacións de gandeiros que en moitos casos levan anos a traballar na conservación desta secular forma de explotación. As súas importantes implicacións ambientais, sociais, culturais, históricas, turísticas e patrimoniais xustifican a súa conservación e a protección dos cabalos fronte a prácticas incompatibles co benestar animal.”* Xa que logo:
 - a. Recoñece que alomenos hai certo número de cabalos salvaxes sen propietario.
 - b. Indica que a propiedade efectiva elimina a súa condición de fauna silvestre. Este é un argumento suxeito a debate legal, xa que as características do aproveitamento desta especie son tan singulares (recoñecido no propio limiar do Decreto) que precisan dunha aclaración legal que supera un simple limiar dun Decreto. O artigo 609 e seguintes do Código Civil indican a especial regulación legislativa da caza; tamén existen concesións de explotación para determinadas especies (por ex. explotacións marisqueiras), polo que a definición de “propiedade” neste caso require unha aclaración legislativa propia e non un simple enunciado, máxime coas repercusións ambientais que derivan desta especie.
 - c. Por último e non menos importante, este Decreto, na concepción que afecta ó garranos suporá unha merma radical da súa poboación. Só co anunciado antes da súa publicación efectiva, provocou que os besteiros de Vimianzo (A Coruña) se desfixeran dos garranos da zona así como múltiples protestas de besteiros de varias bisbarras, ameazando coa mesma acción. Polo tanto, lonxe de conservar os garranos, suporá un efecto contrario polo desinterese de atopar punto de encontro entre a Xunta de Galicia.



4. Que o garrano **non é un animal doméstico, senón un animal salvaxe**. Un aspecto moi grave, entendemos que intencionadamente destinado á eliminación dos garranos é o contemplado polo artigo 3.2.h, definición para animal mostrenco “*Équido mostrenco: animal equino que deambula en liberdade nos espazos agrícolas ou forestais, núcleos de poboación ou vías de comunicación terrestre, sen identificación constatada pola autoridade competente*”. É dicir, mostrenco sería calquera dos cabalos ou garranos que carecen de propietario ou noutras palabras, tódolos garranos silvestres e salvaxes fora do control de besteiros, explotacións, etc. Por se quedara algunha dúbida, o artigo 28 deixao moi claro: “*Destino dos animais mostrencos: Os équidos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos a todos os efectos; podera vendelos, entregar gratuitamente ou sacrificalos*”.

a. Análise legal:

- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (DOG 171 de 2001)
“Artigo 45.-Conceptos. Para os efectos desta lei, entenderase por:
 - a) *Especies de fauna e flora silvestres: as especies que manteñen poboacións establecidas e viables no medio natural.*
 - b) *Especies de fauna e flora autóctonas: as especies que constitúen poboacións establecidas no medio natural de Galicia que forman parte inveteradamente dos ecosistemas naturais do territorio galego, sendo este parte da súa área de distribución natural. Inclúense tamén aquelas estacionais ou de paso e as que de estaren nalgunha das situacións anteriores se encontren actualmente extinguidas en Galicia.”*
- Ley 8/2003 de Sanidad animal
Artigos 3.2: “Animales de producción: los animales de producción, reproducción, cebo o sacrificio, incluidos los animales de peletería o de actividades cinegéticas, mantenidos, cebados o criados para la producción de alimentos o productos de origen animal para cualquier uso industrial u otro fin comercial o lucrativo.”
Artigo 3.5: “Fauna silvestre: el conjunto de especies, subespecies, población e individuos animales que viven y se reproducen de forma natural en estado silvestre en el territorio nacional, incluidos los que se encuentran en invernada o están de paso, con independencia de su carácter autóctono o alóctono, y de la posibilidad de su aprovechamiento cinegético. No se entenderán incluidos los animales de dichas especies que tengan el carácter de domésticos, criados con fines productivos o de aprovechamiento de los mismos o de sus producciones o cultivos, y los de experimentación o investigación científica con la debida autorización.”
- Ley 42/2007, de 13 de diciembre, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (BOE 299/2007).
- O Real Decreto 1515/2009, no seu artigo 11 enlaza coa Lei 42/2007 ó considerar excepcións para “*équidos que viven en condiciones silvestres o semisilvestres.*” polo tanto si pode (e hai) garranos coa consideración de silvestres e incluso o propio Decreto Decreto 142/2012 no seu limiar, recoñece que hai garranos sen dono nos montes galegos.
- O Real Decreto 1711/2011, que modifica algunhas partes do 1515/2009, indica que “*Dentro de este marco, resulta preciso realizar modificaciones en el contenido del Real Decreto 1515/2009, de 2 de octubre, a fin de armonizar las actuaciones de control y registro con las existentes para otras especies, lo que permitirá una más efectiva aplicación de la norma. En concreto, se modifican los artículos 8, 13, 17, 23, 25 y el anexo IV.*” **Polo tanto non se modifica o artigo 11** do RD 1515/2009 que recolle:
“Artículo 11. Excepciones a la identificación de determinados équidos que viven en condiciones silvestres o semisilvestres.
 - 1. *Conforme al artículo 7.1 del Reglamento (CE) 504/2008 de la Comisión, de 6 de junio de 2008, la autoridad competente podrá exceptuar del sistema de identificación establecido a poblaciones definidas de équidos que vivan en condiciones silvestres o semisilvestres en determinadas áreas, incluidos espacios naturales protegidos, espacios protegidos u otro tipo de áreas naturales, siempre*



y cuando no abandonen dichas áreas. Si van a salir de las mismas o se domestican, deberán identificarse conforme a lo establecido en el presente capítulo.

2. *Las autoridades competentes notificarán al Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino las poblaciones y las áreas en cuestión que actualmente se encuentren en esta situación, en el plazo de tres meses desde la entrada en vigor del presente real decreto y, para las que se exceptúen en lo sucesivo, antes de aplicar esta excepción.*
3. *Lo dispuesto en este artículo se entenderá sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 52 de la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, de Patrimonio Natural y Biodiversidad."*

- Real Decreto 479/2004

Artigo 2: "Definiciones. A los efectos de este real decreto, serán de aplicación las siguientes definiciones: a) Explotación: cualquier instalación, construcción o, en el caso de la cría al aire libre, cualquier lugar en los que se tengan, críen o manejen o se expongan al público animales de producción, tal y como se definen en el artículo 3.2 de la Ley 8/2003, de 24 de abril, con o sin fines lucrativos. A estos efectos, se entenderán incluidos los núcleos zoológicos, los mataderos y otros lugares en que se realice el sacrificio de animales, los centros en que se lleven a cabo espectáculos taurinos, las instalaciones de los operadores comerciales y los centros de concentración."

- b. Do cal se deduce que:

- Se crea unha perversión da lei para conducir a conclusión de que todos os garranos son domésticos e polo tanto suxeitos a estar en "explotacións" e que o único medio de identificación sería entón o transponedor.
- Só se considera a presenza de garranos en "explotacións" e asimila os "espazos de acollida" ás normas que deben cumprir as "explotacións".
- Se un garranos está nunha explotación, xa non é un cabalo salvaxe.
- Se non é un cabalo salvaxe xa non é aplicable a Ley 42/2007 nin as excepcións indicadas pola lexilación europea e estatal.
- É falso que a lexislación estatal ou europea só contemple o transponedor como medio exclusivo de identificación dos cabalos: poden quedar excluídos deste sistema os garranos.

Partindo destas definicións e do entronque que fai o RD 1515/2009 coa Lei 42/2007, a meirande parte do cabalo galego silvestre debería estar incluído no artigo 5º da Lei estatal 8/2003 e tamén amparado na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza da Xunta de Galicia. A meirande parte dos garranos, aínda que se faga un aproveitamento ancestral, non se debe considerar como un animal de reprodución ou doméstico. Débese ter en conta que non existe unha axuda ou guía humana na custodia, reprodución, alimentación ou resguardo, polo que a tódolos efectos é unha especie silvestre da que se fai un aproveitamento.

5. Que é preciso conservar o cabalo de monte ou pónei galego

- a. Como se reconece explícitamente no Limiar do Decreto 42/2012: *"Galicia conta cun sistema de explotación de cabalos en réxime de liberdade que, pola súa dimensión e dispersión, non ten parangón noutros puntos do Estado." "As súas importantes implicacións ambientais, sociais, culturais, históricas, turísticas e patrimoniais xustifican a súa conservación e a protección dos cabalos fronte a prácticas incompatibles co benestar animal."*
- b. Os valores socioculturais do garranos son sobranceiros e están amplamente reconecidos:
 - Hai datos históricos da súa presenza e manexo polos humanos dende hai 4.000 anos. Exemplos son os petroglifos de Outeiro dos Lameiros, de Sabucedo, Viladesuso e Campolameiro por citar algúns.

- En época romana, Plinio Segundo xa menciona as excelencias dos garranos de Gallaecia romana (Galeca gens). (Cayo Plinio Segundo. Historia Natural, pax. 411, tradución de Franciso Hernández y Jéronimo de Huerta, Visor Libros 1998).
- Antropoloxicamente os curros ou rapas son unha manifestación milenaria, recoñecidas como manifestacións de interese cultural, como a *RESOLUCIÓN de 21 de junio de 2007, de la Secretaría General de Turismo, por la que se concede el título de «Fiesta de Interés Turístico Internacional» a rapa das bestas de Sabucedo, de A Estrada (Pontevedra)*.
- c. O Real Decreto 1682/1997 no seu artigo 2º indica que se entenderá “*como razas de protección especial o en peligro de extinción, aquellas que se encuentran en grave regresión o en trance de desaparición*” incluíndo no anexo deste Real Decreto ó “*gallego de monte*” e agora denominada oficialmente “*Caballo de pura raza gallega*”. Ao respecto, é moi lamentable que en Galicia se elaborase unha definición apresurada de garranos que, sen base técnica para elo, deixaba fora moitos rasgos dos garranos. Xa nese intre a lexislación elaborada na Xunta foi criticada polos gandeiros como un instrumento de control da administración. O máis grave é que provocou a exclusión legal das poboacións verdadeiramente silvestres da consideración de raza autóctona. Cando se publicou o *Reglamento (CEE) 2078/92 del Consejo, do 30-06-1992*, provisionaba unha axuda económica ás iniciativas dos Estados membros para a crianza e mantemento de animais de razas locais en perigo de extinción o que ocasionou a premura da redacción dunhas normas que deben ser revisadas.
- d. Que polos seus valores biolóxicos o garrano é unha peza clave dos ecosistemas galegos:
 - Constitúe en si mesmo unha especie salvaxe, nunca sometida á unha selección xenética coma outras especies, tales como vacas, ovellas, cabras, etc. Estes garranos constitúen a poboación de cabalos salvaxes máis grande do mundo, incluso outras poboacións de cabalos salvaxes, como a de Przewalski foron extinguidas hacia 1970 e agora búscase a súa reintroducción. Outras grandes poboacións de cabalos en liberdade, como os cabalos americanos, son realmente cimarróns descendentes de animais domesticados. (BARCENA VARELA DE LIMIA, 2009. Ponencia do Congreso Mundial de Ungulados de Montaña. Granada).
 - Recentemente o garrano ou ponei galego, foi descrito, como unha nova subespecie de *Equus ferus*: *Equus ferus atlanticus*, Barcena, 2012. (Barcena, F., 2012. Garranos: os póneis salvagens (*Equus ferus* sp) do norte da Península Ibérica. Libro de Actas I Congreso Internacional do Garrano. Candidatura ó Patrimonio Nacional. ATTAHCA. Vila Verde 138 pp.
 - Un comedor de toxo (*Ulex* spp) como o garrano, que segundo a tempada pode incluír estas especies nun 35-40% da súa dieta, é un controlador-renovador gratuito de vexetación (un adulto come diariamente 8 kg de forraxe seco e 16-18 kg de verde) que consume unhas 2,5 toneladas de toxo ó ano. Non se debe esquecer que Galicia, a día de hoxe, conta cunha grande cabana de gando vacún en réxime extensivo e ceibe, sendo complementada polo garrano, cunha cifra que puidera rondar as 20.000 cabezas; reflexionemos que isto significa que equivalen a un consumo de biomasa dunhas 50.000 tm.
 - Segundo os expertos consultados por SGHN, non hai constancia de que coman árbores nin plantóns, aínda que si algo de salgueiros (*Salix* spp). Nesta acción de fitófago, favorece ó coello (*Oryctolagus cuniculus*) ó abrir espazos, que combinando zonas de herba e toxo como refuxio, incluso mellora ó hábitat da lebre (*Lepus castroviejei*, *Lepus granatensis*), así como dalgunhas especies de réptiles (*Timon lepidus*, *Psammotromus algirus*, *Chalcides bedriagai*).
 - O garrano é o principal alimento do lobo (*Canis lupus*) en Galicia, sobre todo na zona centro e oeste, xa que constitúe ata un 85-90% da súa dieta do lobo. A redución, desaparición ou estabulación do garrano suporía unha gravísima ameaza para a conservación do lobo, para o que o garrano supón o sustento trófico.
 - Como especie fitófaga, a produción de excrementos e a súa recirculación cara ó solo teñen unha importancia non desdeñable, que queda anulada en sistemas onde se xestione os excrementos



coma esterco ou residuos. Así, a breve exemplo, temos en Galicia varias especies de coleópteros, especialistas ou facultativos, de alimentación coprófaga, destacando *Ceratophyus martinezi* (Coleoptera, Geotrupidae), endémico da Península Ibérica, con só dúas poboacións coñecidas, unha en Madrid-Segovia-Ávila e outra na costa galega (A Coruña-Pontevedra), sendo case monofágica de excrementos de équidos. Outras especies nas que a dieta é basicamente o excremento de cabalo e garrano son *Silphotrupes punctatissimus* (endemismo galaico) e facultativos deste excremento, diversas especies de *Onthophagus*, *Aphodius*, *Geotrupes* e *Silphotrupes* (Coleoptera: Scarabaeidae, Aphodiidae, Geotrupidae).

- e. Que o borrador do Decreto ñora o cruce e contaminación xenética do garranos; non só nos referimos a aqueles exemplares recollidos como patróns da denominada raza protexida Cabalo/Ponei galego de monte. O auténtico reservorio e variabilidade xenética da citada raza mantense no monte e convén lembrar que os patróns que definen á citada raza realizáronse, cuns parámetros arbitrarios, nun despacho co obxectivo de acceder ós fondos da Unión Europea e similares destinados á conservación das razas autóctonas.
6. Que é **imprescindible solucionar os conflitos artificiosos entre besteiros e Xunta de Galicia sobre transponedores e pastos**, creados agora pola administración e que non existían salvo situacións moi puntuais.
- a. Transponedores (microchip). *“As bases do actual sistema de identificación individual dos cabalos quedou definida no Regulamento (CE) 504/2008, da Comisión, do 6 de xuño, polo que se aplican as directivas 90/426/CEE e 90/427/CEE no que se refire aos métodos de identificación dos équidos. Esta norma establece a utilización de transponedores electrónicos como método xeral de identificación, aínda que permite aos Estados membros a utilización de marcas alternativas en certas condicións. Igualmente, a disposición comunitaria faculta as autoridades competentes dos Estados membros a eximir da obriga de identificación determinadas poboacións de équidos salvaxes que se manteñen confinadas en áreas definidas, mentres non as abandonen... O Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, modificado polo Real decreto 1701/2011, do 18 de novembro, sinala as condicións de aplicación da normativa comunitaria no Estado español e prescribe a marca auricular electrónica como a única alternativa autorizada na identificación de animais nados en explotacións de produción e reprodución cuxo obxectivo sexa a produción de équidos de abasto.”*
- SGHN considera axeitado que os cabalos ou garranos destinados ó comercio e á alimentación humana estean correctamente identificados.
 - É radicalmente falso que a Unión Europea obrigue a empregar exclusivamente transponedores, xa que admite métodos alternativos tal como se recolle no Regulamento (CE) 504/2008. As marcas que se empregan nos garranos son suficientes e, caso de moitas asociacións cabalares como a da Grova (Pontevedra), están rexistradas, controladas e son máis efectivas que un transponedor; imaxinemos a voráxine dun curro e alguén intentando ler o transponedor, un claro exemplo de legislar ás costas da realidade:
 - › O RD 1515/2009 de 02-10-2009 do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural Marino (B.O.E. de 23-10-2009) nos seus artigos 11 e 14 establece excepcións ós dous métodos de identificación (libro e transponedor) en conformidade cos artigos 7 e 12 do Regulamento (CE) 504/2008, polo que a lexislación da Xunta non está condicionada por normas de carácter superior.
 - › O Regulamento (CE) Nº 504/2008 da Comisión de 06-06-2008 polo que se aplican as Directivas 90/426/CEE e 90/427/CEE polo que se refire ós métodos de identificación dos équidos, no seu Considerando número 13 establece que *“(13) Los Estados miembros deben ser capaces de establecer regímenes específicos para la identificación de los équidos que se mueven en condiciones salvajes o semisalvajes en áreas o territorios definidos, incluidas las reservas naturales, en aras de la coherencia con el artículo 2, párrafo segundo, de la Directiva 92/35/CEE.”*



- › O artigo 7º do Regulamento (CE) Nº 504/2008, establece as excepcións relativas á identificación de determinados équidos que viven en condicións salvaxes ou semisalvaxes e só será necesario a súa identificación se son domesticados ou sacados da área de orixe. Para elo os Estados membros deben notificar á Comisión a poboación e as áreas en cuestión.
 - › O artigo 12º *“Métodos alternativos para la verificación de la identidad. 1. No obstante lo dispuesto en el artículo 11, apartado 1, los Estados miembros podrán autorizar la identificación de équidos mediante métodos alternativos adecuados, incluidas las marcas, que aporten garantías científicas equivalentes de que, solos o combinados, aseguran la verificación de la identidad del animal equino y evitan de manera eficaz la doble emisión de documentos de identificación («método alternativo»).”*
 - › En pregunta no Parlamento Europeo (E-004915/2011 do 22 de xullo) respondeuse que o reglamento (CE) 504/2008 establece unha excepción especial para cabalos que vivan condicións salvaxes ou semisalvaxes, só é necesario identificalos se son trasladados.
 - Un punto de desencontro entre Besteiros e Xunta de Galicia é o custe económico da medida, non o control en si mesmo. Este custe económico amais é un agravio comparativo, xa que o Decreto 183/2010, de 04-11-2010, regula a identificación gratuita do gando bovino, caprino e ovino.
 - b. Uso de montes e pastos. Ata a data non existían conflitos reseñables polo uso do monte de man común por parte das mandas de garranos. Agora si, ó facer responsables dos posibles problemas que causen os garranos ós xestores do Montes de Man Común pois o Decreto 142/2012 fai responsables dos posibles danos que ocasionen os garranos ós propietarios.
 - Moitas comunidades de besteiros teñen seguros de responsabilidade civil para cubrir posibles danos de garranos baixo a súa custodia.
 - Por un lado o artigo 8º do Decreto crea o Rexistro Galego de Explotacións Equinas e por outro lado o artigo 12 obriga a identificar ós propietarios de terreos onde pasten os garranos, obrigando o artigo 14 a responder subsidiariamente do incumprimento das obrigas do propietarios dos animais. O artigo 14 só semella ter como finalidade pór atrancos ás posibles facilidades que os titulares destes pastos puideran otorgar ós propietarios de bestas ou as bestas sen dono, por unha banda atrancos administrativos e por outro coercitivos:
 3. *Ademais, a persoa responsable do pasto de uso en común responderá subsidiariamente polo incumprimento das obrigas que corresponden individualmente ao propietario dos animais, mentres estea autorizado por este ao pastoreo en común.*
 4. *A persoa responsable do pasto de uso en común será responsable dos prexuízos que poidan causar os animais rexistrados na explotación, aínda que se escapen ou extravíen.*
 - O artigo 22 do Decreto enuncia os *“Espacios de acollida”* para garranos (agora mostrencos na linguaxe do Decreto) que no punto 3 indica que *“terán a condición de explotacións extensivas de équidos...”*. Esta consideración supón un grave erro porque os garranos non se poden equiparar ó gando dunha explotación gandeira, e a realidade fará que ou non se aplique a normativa ou que os propietarios de garranos renuncien ós seus animais ante as esixencias que lles imporíase este decreto.
7. Que o Decreto 142/2012 introduce diversos factores de distorsión adicionais:
- a. O artigo 7.4 recolle a posibilidade do soterramento dos animais mortos nas propias instalacións. Se ben é unha medida razoable para temas de enfermidades ou similares, non se tivo en conta a proposta da SGHN de que no caso de mortes caza de depredadores (p. ex. lobos) se deixasen estes animais para que estes depredadores rematasen de alimentarse deles e reducir a caza doutros animais.
 - b. O artigo 26 obriga a identificarse a quen informe ás autoridades da presenza de garranos que poidan provocar un dano, a priori non negativo pero SGHN dubida da súa efectividade. No punto 2 encoméndase á autoridade municipal a xestión dos cabalos e garranos, como se fosen mascotas



de pequeno tamaño, transferindo a responsabilidade medioambiental da Xunta de Galicia ós Concellos, moitos dos cales xa agora son incapaces de xestionar animais máis manexables coma cans e gatos. Por outra parte a transferencia de facto das competencias da Consellería de Medio Rural e Medio Mariño ós concellos, xogando coa consideración de animais mostrencos a aqueles que vaian sen dono coñecido, obvia a existencia de garranos e que logo xa non serían competencia dos concellos. Débese igualmente subliñar que a realidade actual dos concellos é moi diferente á que existía cando se regulou o gando mostrenco, nos primeiros anos do século XX, carecendo moitos dos concellos galegos da capacidade para asumir esta situación.

- c. A pesares de que nas súas alegacións SGHN solicitou que se regulase a liberación de exemplares alleos ó acervo xenético do garranos, o cal tendo en conta que no artigo 8.1.f do Decreto nomea a necesidade de identificar as razas, (aínda que aí as denomina "especies", queremos supor que foi un lapsus) sería doado regular estes termos e prever problemas no futuro. Realmente a Ley 42/2007 no seu artigo 52.2 contempla esta situación pero a insistencia na exclusión da fauna no monte como fauna silvestre deixa inconcreto este tema.

Por todo o cal e considerando que o Decreto 142/2012 levará á extinción o garranos, pois é incompatible coa supervivencia desta especie salvo nun museo, colocará nunha situación crítica ao lobo e ameaza a conservación de outras especies de fauna que dependen do garrano.

SOLICITA:

A inmediata derogación do Decreto 142/2012, de 14-06-2012 (DOG nº 129, de 06-07-2012), polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia.

En Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2012

O Presidente da SGHN,